



VIVEIROS DE EMPRESA:

Os viveiros de empresa son centros que poden ser titularidade dunha administración pública (normalmente concellos), cámaras de comercio ou outro tipo de institucións ou entidades (ex. organización empresariais, fundacións, ...) que proporcionan medios ás empresas e emprendedores para poñer en marcha novas iniciativas empresariais.

O obxectivo é favorecer e apoiar as iniciativas empresariais innovadoras e xeradoras de emprego.

Servizos dos viveiros de empresas:

Medios físicos:	- Oficinas amobladas - Salas de reunións e salón de actos
Medios técnicos	- Servizo de reprografía e de comunicacións. - Acesos a internet, teléfono e fax.
Servizos de asesoramento:	- Na fase de creación e constitución da empresa - Xurídica, fiscal, contable, laboral, ... - Orientación do negocio, deseño de prototipos, protección intelectual e industrial dos produtos e promoción de empresa - En ocasións tamén poden recorrer a outros emprendedores ubicados no viveiro para o asesoramento de carácter técnico..
Formación	- En moitos casos os Viveiros de Empresas ou ben as entidades promotoras teñen un plan de formación dirixido aos seus usuarios.

Os requisitos para acceder a un viveiro de empresas son:

Ser novas iniciativas empresariais:

- empresas de nova ou recente creación
- ou empresas xa en funcionamento que non teñan máis de 5 anos de actividade.

Demostrar a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto.

Ser proxectos xeradores de emprego

Tanto por crear novos postos de traballo por conta allea como de autoemprego.

Desenvolver actividades acordes coas instalación cedidas.

Servizos de apoio a emprendedores:

Estes centros tamén contan con servizos de apoio a emprendedores, atendéndose neles a persoas con ilusión de poñer en marcha un negocio propio pero que carecen dos coñecementos necesarios para elaborar o proxecto empresarial.

Para máis información:



[Servizo de Apoio á Empresa. Concello de Santiago de Compostela.](#)



UNINOVA
Iniciativas Empresariais Innovadoras

[UNINOVA. Universidade de Santiago de Compostela e Concello de Santiago de Compostela.](#)



[Viveiro de empresas de Costa Vella. Cámara de Comercio de Santiago e Concello de Santiago de Compostela.](#)